

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A NORMA DE USO DO SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO

Esta norma regula o uso do servizo de correo electrónico corporativo en desenvolvemento do indicado no [Regulamento xeral de uso das TIC na Universidade da Coruña](#).

Para aquelas cuestións que non se explicitan neste documento, como o ámbito de aplicación, a supervisión e as medidas previstas no caso de incumprimento, estarase ao indicado no dito regulamento.

### 1. Usos previstos do servizo de correo electrónico

1. A finalidade do servizo de correo electrónico é que as persoas usuarias poidan intercambiar mensaxes electrónicas, internas ou externas á organización, que poidan conter texto e ficheiros dixitais anexados.

### 2. Asignación de contas de correo electrónico

2. A Universidade da Coruña (UDC) poderá proporcionar tres tipos de contas de correo electrónico segundo a súa finalidade: contas persoais, non persoais e institucionais.

#### 2.1 Contas persoais

3. Facilitarase unha conta de correo persoal ás seguintes persoas:
  - a) Membros da comunidade universitaria, que disporán de dous enderezos asociados a súa conta, cuxos formatos serán *identificador@udc.gal* e *identificador@udc.es*.
  - b) Membros da Fundación Universidade da Coruña (FUAC), que disporán de dous enderezos asociados a súa conta, cuxos formatos serán *identificador@fuac.udc.gal* e *identificador@fuac.udc.es*.
  - c) Membros de centros adscritos, que disporán de dous enderezos asociados a súa conta, cuxos formatos serán *identificador@col.udc.gal* e *identificador@col.udc.es*.
4. Os identificadores das contas de correo para os colectivos indicados no apartado anterior coincidirán cos identificadores de usuario elixidos no momento da creación da cada conta no directorio corporativo da UDC.
5. As persoas usuarias poderán utilizar indistintamente os enderezos *.gal* ou *.es*.
6. Ao persoal externo que requira dunha conta de correo para a realización de actividades recollidas nun acordo, convenio ou contrato, facilitaráselle unha conta co formato [identificador@externos.udc.gal/es](#) baixo petición.

#### 2.2 Contas institucionais

7. Os centros, departamentos, servizos, institutos de investigación e os órganos da Universidade disporán dun enderezo de correo electrónico institucional.
8. O acceso a unha conta de correo institucional asignarase á persoa con máxima responsabilidade do órgano correspondente, quen poderá delegar o acceso noutras persoas. O cesamento no cargo suporá a perda destes permisos de acceso.
9. Co fin de homoxeneizar os enderezos institucionais e facilitar a identificación do remitente, o formato destes enderezos seguirá o indicado na instrución reitoral sobre esta materia.

Código Seguro De Verificación	2Lpx7w2AuuOvWMuGhfPTSsw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:22
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2Lpx7w2AuuOvWMuGhfPTSsw==">https://sede.udc.gal/services/validation/2Lpx7w2AuuOvWMuGhfPTSsw==</a>		



10. Nun prazo dun ano, todos os enderezos de correo electrónico institucionais deberán respectar estes formatos. Poderán utilizarse alias para manter a recepción de mensaxes dirixidas ao enderezo antigo.
11. Os correos enviados ou recibidos por contas institucionais non poderán ser eliminados, de xeito que o histórico das mensaxes sexa accesible para as persoas que accedan ao cargo.

### 2.3 Outro tipo de contas non persoais

12. A UDC poderá facilitar contas de correo electrónico non persoais para os seguintes fins:
  - a) Realización de cursos, congresos, xornadas e outras actividades propias da UDC. Este tipo de contas eliminaranse cando presenten inactividade por un período dun ano, salvo solicitude xustificada.
  - b) *Spin-offs* nas que participe a UDC, sindicatos, asociacións de estudantes e outros colectivos que o requiran.
13. A solicitude dunha conta de correo non persoal será realizada pola persoa que se responsabilizará do seu uso e á que se lle concederá o acceso a ela.
14. Os formatos deste tipo de contas estarán tamén regulados polo que indique a instrución reitoral sobre esta materia.

### 3. Condicións de uso do servizo de correo electrónico

15. O persoal da UDC debe ter presente que o correo electrónico corporativo é un instrumento de traballo. Se o/a traballador/a fai un uso particular desta ferramenta deberá ter en conta o indicado no artigo 10 do [Regulamento xeral de uso das TIC na UDC](#), de cara ás súas expectativas de privacidade.
16. Os centros, departamentos, servizos, unidades administrativas e os órganos de goberno utilizarán o enderezo de correo institucional nas súas comunicacións.
17. O servizo de correo electrónico da UDC so enviará mensaxes con remites en dominios que sexan xestionados pola propia UDC, é dicir, os rematados en *udc.gal* e *udc.es*.
18. Cada conta de correo disporá dun espazo de almacenamento (caixa de correo), cuxo tamaño se indicará no portal de axuda dos servizos telemáticos da UDC, AxudaTIC.
19. O acceso a calquera caixa de correo, sexa individual ou compartida, realizarase logo da autenticación coa credencial individual das persoas que teñan concedidos permisos de acceso sobre as ditas caixas.
20. A UDC resérvase o dereito de definir uns límites no tamaño das mensaxes, no seu volume e no número de destinatarios co fin de garantir o funcionamento do servizo.
21. A UDC habilitará os mecanismos técnicos necesarios para minimizar a recepción de mensaxes con contido potencialmente malicioso, fraudulento ou non desexado (virus, correo lixo, suplantación de identidade ou *phishing* etc).
22. Os antigos alumnos da UDC poderán utilizar o servizo de correo electrónico de xeito indefinido, salvo que unha instrución modifique este artigo.
23. Os/as traballadores/as que rematen a súa relación coa UDC poderán seguir utilizando o servizo de correo electrónico por dous anos máis. Este tempo poderá ser prorrogado, anualmente, mediante solicitude do/a usuario/a. No caso de non se producir esta solicitude, a UDC eliminará a caixa de correo e dará de baixa o servizo, despois de llo notificar á persoa usuaria.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	2Lpx7w2AuuOvWMuGhfPTSww==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:22
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2Lpx7w2AuuOvWMuGhfPTSww==">https://sede.udc.gal/services/validation/2Lpx7w2AuuOvWMuGhfPTSww==</a>		



24. Os usuarios sen vinculación activa coa UDC poderán solicitar a eliminación da súa caixa de correo. A UDC manterá, a partir do momento de facer efectiva esa eliminación, os datos estritamente necesarios segundo a lexislación vixente.
25. Ademais do indicado nesta norma, deberanse respectar as condicións de uso do servizo de correo electrónico indicadas no artigo [14.4 da Normativa xeral relativa á protección de datos persoais na UDC](#).

#### 4. Usos non permitidos do servizo de correo electrónico

26. Non está permitida a cesión, a outros usuarios, das credencias de acceso ao servizo de correo electrónico.
27. Non está permitido utilizar contas de correo alleas.
28. Non se responderá, nin se abrirán ficheiros anexos, nin se premerá en ligazóns contidas en mensaxes cuxa autenticidade ou fiabilidade sexa dubidosa.
29. Non se difundirá código malicioso (virus, vermes, troianos, ...) ou calquera outro tipo de contido que puidesen danar a información ou os sistemas de tratamento.
30. Esta prohibido o envío de mensaxes con contido inadecuado, ilegal, ofensivo, difamatorio ou discriminatorio que puidese causar prexuízos aos usuarios do servizo, á UDC ou a persoas externas.
31. Non está permitido o envío de mensaxes con contidos que vulneren os dereitos da propiedade intelectual.
32. O persoal da UDC non deberá facilitar o seu enderezo de correo corporativo para servizos externos que non teñan relación coas súas funcións profesionais.
33. Non se enviarán fóra da organización, sen a autorización do/a responsable do tratamento, datos persoais dos tratamentos que realiza a UDC. No caso de información sensible ou confidencial utilizaranse os mecanismos de cifraxa aprobados.
34. Nas contas institucionais e nas dos traballadores da UDC non se permitirán redireccioamentos automáticos a caixas de correo externas á UDC.
35. Non está permitida a posta en servizo de servidores de correo distintos dos xestionados polo SIC.
36. Ademais do indicado nesta norma, deberanse terse en conta as actividades prohibidas xerais, que se indican no artigo 7 do [Regulamento xeral de uso das TIC na UDC](#).

#### 5. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	2Lpx7w2Auu0vWMuGhfPTS==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:22
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2Lpx7w2Auu0vWMuGhfPTS==">https://sede.udc.gal/services/validation/2Lpx7w2Auu0vWMuGhfPTS==</a>		

